


# GALLICIA

REVISTA DEL CENTRO GALLEGO

AÑO XXVII

JULIO 1940

N.º 330



PA DEL ANTIGUO REINO DE GALICIA.

(DE UN ATLAS FRANCÉS DEL AÑO 1579)

Día de Galicia en Buenos Aires



# Políticas culturais no exilio galego

## Centro Gallego de Buenos Aires

1940-1960

FACUNDO REYNA MUNIAIN

Facundo Reyna Muniain é licenciado en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, na que actualmente cursa estudos de posgrao. É investigador no Instituto da Lingua Galega.

**T**ras a experiencia do primeiro Centro Galego de Buenos Aires (1879-1892), en 1907 fundouse co mesmo nome a institución que é referencia indiscutible do asociacionismo galego en América. O Centro Galego combinou o seu rol comunitario funcionando como hospital, mutual e até farmacia cunha notable (por momentos febril) actividade cultural. Nos seguintes anos fundáronse moitas outras sociedades recreativas, benéficas e políticas. Neste contexto o Centro Galego emprendeu un ambicioso proxecto mutualista, que o levou a constituír un hospital que axiña destacou entre os centros de saúde do país, pero a diversificación de ámbitos de actividade da institución plasmouse tamén na construción dun magnífico edificio e un mausoleo propio, e tamén nunha comprometida política cultural sólida e consistente, que desembocaría, anos máis tarde, na fundación do Instituto Arxentino de Cultura Galega. Aínda que tivo nos seus estatutos un espazo reservado para a cultura e mesmo a súa fundación tivo orixe nun acto cultural (a homenaxe ao compositor galego Manuel Veiga), non foi ata funcionar plenamente o seu servizo mutual, sanitario e asistencial que o Centro dedicou recursos abundantes ao fomento da cultura. Os editoriais da revista do Centro Galego dan conta deste proceso, no cal os obxectivos urxentes precederon os importantes:

No en vano el vocablo “Cultura” ha sido incluido en la enumeración de las finalidades capitales que este Centro debe cumplir por mandato expreso de las disposiciones estatutarias, que son en suma, el fiel reflejo de las aspiraciones de quienes han gestado esta magnífica obra; aspiraciones con las cuales, no cabe duda, han estado plenamente identificados todos cuantos les han sucedido en la dirección social de esta Institución. Y si bien es cierto que a esa finalidad muy poco se había hecho hasta hace escaso tiempo, no por ello no ha de deducirse que se ha declinado el cumplimiento de la misma, antes bien, estamos persuadidos de que la finalidad ha estado siempre presente en el ánimo de quienes han desfilado por el seno de esta J. D.; pero, sin duda, estos meritorios hombres han juzgado conveniente el consumir primero la parte material e impostergables, relacionados directamente con la sa-

lud y el bienestar de la gran familia social. Pero, he aquí, habiendo llegado al centro a su completo desarrollo y afianzada por otra parte, la prestación eficiente de los distintos servicios médicos-farmacéuticos, se ha creído llegado el momento impostergable de encarar resueltamente la realización de la obra que nos señala el inciso del epítgrafe, o sea, subvencionar la cultura (*Revista Galicia*, 1945).

O certo é que 1940 chega á dirección do Centro Galego un sector nucleado arredor de referentes do galeguismo próximos a Castelao<sup>1</sup>, como Rodolfo Prada, Manuel Ponte e Xosé Bieto Abraira, membros da agrupación A Terra (Fernández 2000). Isto é determinante para o xiro político<sup>2</sup> que facilitou a chegada á Comisión de Cultura de figuras claves como Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Manuel Ponte. Xa a partir do fin da Guerra Civil española resaltaba a presenza de exiliados de orientación galeguista, e desde os anos 30 entidades como a Federación de Sociedades Galegas, coa súa revista *Céltiga*, levaran adiante unha intensa militancia galeguista, que implicaba un compromiso tanto político como cultural.

En 1942 xa se rexistran iniciativas para a dignificación e difusión da cultura galega de alcance arxentino, como a organización dun Concurso monográfico-literario sobre temas galegos para os alumnos dos centros de estudos máis prestixiosos do país (Universidad de Buenos Aires, Colegio Nacional e Profesorado Nacional) ou propostas como a de Manuel Cao Turnes para un Plan Cultural do Centro Galego. En 1945 a Comisión Cultura formula un *Plan Cultural de dignificación y revisión de los conceptos y valores relacionados con la tierra gallega en sus diversos aspectos*. Esta planificación reivindicaba un compromiso revisionista. A acta que trata a cuestión é eloquente sobre esta cuestión:

En este período histórico que nos toca atravesar junto con los hechos de armas y de transformación social que se producen en nuestros ojos, se viene operando al mismo tiempo, una revisión de conceptos y valores relativos a las nacionalidades y núcleos regionales. “Galicia entre las otras regiones de España tal vez sea la menos conocida en su propio carácter étnico y geográfico, fisonomía moral y verdadero valor espiritual.” Es llegado el momento de acentuar entre nosotros y en el extranjero hasta donde sea posible, este movimiento revisionista iniciado hace años en Galicia, en el resto de España y fuera de la península con una visible eficacia en ciertos momentos (Acta Comisión de Cultura Centro Gallego de Bs.As. 5 de junio de 1945).

Como sinala Juan Manuel Pérez, os ideadores do proxecto consideraban que a situación política e económica de Galicia esixía que a súa diáspora. e en particular o Centro Galego de Buenos Aires. “se hiciese cargo de la cultura gallega”<sup>3</sup>. Deste xeito, emprenderase en Buenos Aires unha febril actividade cultural e política, pois na década dos anos 40 o Centro Galego irá destinando cada vez máis e máis recursos a accións culturais. Esta serie de accións foron conformando unha planificación máis ambiciosa e comprometida. A seguir revisaremos as liñas principais desta política cultural.

### *Revista Galicia*

Inicialmente tan só un xornal de poucas páxinas con información social e mutual, practicamente unha folla parroquial. Co pasar dos anos, aínda que nunca perdeu o seu espazo social e mutual, foi incorporando obras por entregas de autores galegos como Rosalía de Castro, Murguía, Valle-Inclán ou Pardo Bazán. Deste xeito, a iniciativa cultural, que orixinalmente puido ter por obxectivo a difusión de autores galegos e instrucións dos socios do Centro, constrúe unha serie de referencias culturais e por tanto contribúe á construción dun canon literario-cultural.

Nesta mesma revista *Galicia* difundíranse importantes e valiosas achegas de escritores que se converterán en referentes da cultura galega, como Castelao, Arturo Cuadrado, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Xosé Filgueira Valverde, entre outros. O perfeccionamento e profesionalización da publicación, sumado á ausencia de espazos similares na Galicia baixo a ditadura franquista, propiciaron que, como rexistra a mesma revista, crecese a demanda de exemplares. A revista do Centro Galego pasou a ser unha publicación de importancia non só xa para os propios socios. Con todo, sempre se caracterizou por ser unha das publicacións menos politizadas, en comparanza con outras publicacións, como a homónima revista da Federación de Sociedades Galegas. En todo caso, as súas páxinas foron non só o medio directo de difusión das contas e servizos da institución, senón tamén un medio de difusión fundamental da cultura galega: un espazo onde se inclúen debuxos e artigos de Castelao, de Cuadrado e de Otero Pedrayo sobre a historia de Galicia, de Seoane sobre pintura, contos de Rafael Dieste ou notas de Francisco Fernández del Riego. Este último comezou a colaborar a partir de 1940 como correspondente coa columna mensual “Galicia cada 30 días” co pseudónimo de Salvador de Lorenzana para protexerse do réxime franquista.


## A Biblioteca Manuel Murguía

O Centro Galego, fundado en 1907, conta xa en 1912 cunha biblioteca. Probablemente, a súa función inicial estivo relacionada coas clases nocturnas de alfabetización para emigrantes ditadas en xuño de 1907 na primeira súa sede. En 1944, xa baixo plena influencia do sector galeguista, a revista *Galicia* publica dous editoriais dedicados á biblioteca: “La biblioteca del Centro Gallego” e “La función galleguista, cultural e social de nuestra biblioteca”. Nos dous, coma noutras ocasións, incentívase a doazón de libros en galego, esencialmente os de difícil circulación. O seu actual patrimonio dá elocuente conta das grandes achegas que foron realizadas polos diferentes socios e amigos da biblioteca.

Xa nas bases estatutarias do Centro Galego, no seu segundo inciso, propónse difundir en Arxentina “por los medios que se consideren más eficaces, el conocimiento de Galicia y todo aquello que la enlaza” e engade “uno de los medios considerados más eficaces, por todo el mundo es la creación de bibliotecas públicas”. Para a composición da biblioteca estableceuse un principio de proporción dun oitenta por cento para obras galegas, un dez sobre previsión social e outro dez por cento obras de consulta. Así mesmo, a Comisión de Cultura realizou importantes investimentos para enriquecer a biblioteca, mercando e encargando todo tipo de publicacións sobre temas galegos a institucións como o Instituto Padre Sarmiento, a Real Academia Galega, o Arquivo Xeral de Galicia, as bibliotecas de París, Leningrado, Berlín, Madrid e a Universidade de Santiago de Compostela. Evocando a Ptolomeo Filadelfo, que enviou delegados a numerosas cidades de Grecia e Asia Menor na procura das máis valiosas coleccións existentes, o Centro Galego emprende a misión de resgardar toda obra cultural galega que lle sexa posible para a súa conservación e custodia, buscando salvala da perda.

## A feira do libro galego

En 1948, a Comisión de Cultura emprende unha acción divulgativa de repercusión importante: organiza e programa unha Exposición do Libro Galego. Durante o mes de xullo de 1948 no salón Amigos del Libro presentáronse obras galegas publicadas en Arxentina. Esta presentación nun ámbito público daba visibilidade á colectividade galega na sociedade arxentina ao mesmo tempo que se prestixiaba a cultura de Galicia. Con esta actividade, a literatura galega era presentada nun ámbito fóra da colectividade e entraba en contacto co máis selecto da intelectualidade



Asistentes a unha conferencia de Otero Pedrayo na Facultad de Filosofía y Letras da Universidade de Buenos Aires ditada no ano 1947

1. Rodolfo Prada presidente da Sociedade Nazionalista Pondal confesa o *modus operandi* polo que os galeguistas estaban en todas as listas das eleccións Centro Gallego e chegaba á Comisión de Cultura do CGBA fose que ganarse a lista *Celta* ou *Galicia*. (Núñez Seixas 2010: 116).
2. No ano 1938 enfrontáronse dúas listas pola dirección do CGBA, unha republicana de Neira Vidal fronte a outra apolítica de Alonso Pérez. O triunfo asoballante da primeira comezou nunha xeira de comisións directivas do Centro comprometidas co galeguismo e a República (Núñez Seixas 2010: 102).
3. Entrevista a Juan Manuel Pérez, Buenos Aires, xaneiro de 2014. Arquivo propio.

## Os concursos literarios do Centro Galego

ocupan un lugar central na política cultural da institución,

pero sobre todo deron unha gran visibilidade á cultura de Galicia

de arxentina, o que coincidiu co desenvolvemento do emprendemento editorial dos galegos de Arxentina. Esta iniciativa ten a súa continuidade ata a actualidade na participación do Centro Galego na Exposición-Feira Internacional do Libro de Buenos Aires que se vén realizando anualmente. Nesta actividade o Centro Galego conta cun posto no que expoñen libros galegos editados na Arxentina e en España. Na feira, considerada o acto cultural máis importante do país, o Centro colabora convidando a destacados escritores galegos para que tomen parte nela, como foi o caso de Xesús Alonso Montero, Víctor F. Freixanes ou Manuel Rivas.

### Concursos literarios internacionais

Os concursos literarios do Centro Galego ocupan un lugar central na política cultural da institución, pero sobre todo deron unha gran visibilidade á cultura de Galicia, non só a nivel nacional arxentino senón tamén internacional. A súa importancia radica, en primeiro termo, no seu carácter exclusivo —polo menos inicialmente—, pois non se realizaba ningunha actividade deste tipo na Galicia territorial. En segundo termo, porque a falta de liberdade en Europa impedía a realización destes certames. O terceiro factor relevante é a situación económica favorable en Arxentina, que permitía outorgar premios de 4.000 pesos arxentinos (1.000 dólares estadounidenses de 1945), é dicir, unha suma importante que representaba moito diñeiro en América, pero aínda máis en España. O cuarto punto que situaba nunha posición especial a Buenos Aires era que a concentración de intelectuais galegos nesta cidade era inigualable.

Os concursos puxéronse en marcha de forma simultánea a uns premios de investigación para estudantes da Universidad de Buenos Aires, o Colegio Nacional e o Instituto de Profesorado. Para a constitución do xurado estableceuse un tribunal de tres membros: un en representación do Centro Galego de Buenos Aires, outro en representación da Sociedad Argentina de Escritores (SADE) e o terceiro representaba ao Circulo de la Prensa. Como é habitual, o xurado senta precedente e prestixio para o concurso, cousa da que, como podemos apreciar, os organizadores eran conscientes.

A difusión do certame dá conta da perspectiva internacional que lle daba o Centro Galego, que enviaba máis de duascenas cartas pedindo difusión a xornais de Cuba, Perú, Chile, Arxentina, Uruguai e España. Do mesmo xeito, enviáronse por correo as bases do concurso a un gran número de concellos en Galicia e universidades en América e Europa. A resposta foi masiva: un centenar de obras de todo tipo e procedencia tanto en galego como en castelán.

O primeiro premiado, en 1945, foi Arturo Cuadrado co seu libro *Pintura gallega contemporánea*; en 1947 foi premiado Eduardo Blanco Amor por *La catedral y el niño*; en 1950 Emilio González López por *Galicia, su alma y su cultura*. Deste xeito, non só se reactivaba o sistema literario galego, senón que se propuña un canon literario e cultural para Galicia. Neste punto quizais radica a forza do proxecto, que, xunto co programa de publicacións, era, como sinala González-Millán, “un verdadeiro programa político” cunha grande ambición. Polo menos até 1950, cando coa fundación da Editorial Galaxia, se abren máis posibilidades para a produción e difusión da cultura galega en Galicia (González-Millán 2004).

### Ediciones Galicia

O principal medio divulgación cultural do Centro Galego era a súa revista social, que como xa sinalamos non se limitaba a dar avisos parroquiais, senón que tamén presentaba por entregas obras de autores galegos. Tamén contaba cunha editorial propia, Edicións Galicia; con todo, desde a súa fundación ata 1948 só se publica unha obra, aparecida en 1933: *Historia de Galicia (Resumen)*, de Manuel Murguía. A elección desta versión do clásico do pai do nacionalismo galego non pode ser casual, nin pola seu filiación ideolóxica nin polo seu carácter divulgativo. Mais será a partir de 1948, en consonancia coa tendencia cultural do Centro, cando a editorial ten unha expansión cuantitativa. Entre ese ano e 1960 publícanse trinta títulos, sendo 1953 un ano marcadamente destacado, con dez publicacións. Aínda que ao final da década se atinxe unha media de tres libros por ano, a realidade é que non se cumpre coa media recomendada por Seoane de seis libros



anuais. A editorial comeza este proceso en forma programada, cun plan editorial presentado por Luís Seoane á Comisión de Cultura do Centro en novembro de 1949. O plan editorial de Seoane tiña un claro carácter divulgativo e prestaba especial atención á viabilidade económica do proxecto. Na programación incluíanse unha trintena de libros, como a reedición do libro xa citado de Murguía e a proposta de títulos novos, como *Las ciudades gallegas*, de Otero Pedrayo; *Las danzas populares de Galicia*, de Fernández del Riego, *La artesanía en Galicia* e *Las catedrales gallegas*, do padre Xesús Carro García.

Nos anos 60 só se editan dous títulos e na década dos anos 70 publícanse principalmente reedicións de clásicos, como *Sempre en Galiza*, de Castelao, ou a *Historia de Galicia*, de Murguía (nesta ocasión en versión completa). A principal razón da caída no número de publicacións a partir de 1959 parece ser a saída de Luís Seoane da Comisión de Cultura para dedicarse aos seus propios proxectos, como a revista *Galicia Emigrante*.

## Outras accións

Entre as actividades destacan a realización das Xornadas Galegas, ás que se adoitaba convidar unha personalidade de Galicia. Repasar a listaxe dos convidados ás xornadas xunto cos convidados de honra é percorrer unha escolma da elite cultural do país. Por caso: Valentín Paz-Andrade e Xulio Prieto Nespereira nas Xornadas Patrióticas, e Francisco Fernández del Riego, en 1955, e Juan Rof Carballo, en 1957, como *convidados de honra*. No mes de xullo de 1957 celebrouse xunto coas Xornadas Galegas o cincuentenario do Centro e no mes de agosto é homenaxeada María Casares. Aínda que a partir de 1960 xa non teñen o mesmo peso que tiveran antes, nas Xornadas Galegas de 1965 participan o profesor Ángel Battistessa, que sería dous anos máis tarde presidente da Academia Arxentina de Letras, Víctor Luis Molinari e Alberto Vilanova. As Xornadas de 1967 terán tamén especial relevancia pola transcendencia das figuras que participan, tales como os escritores Álvaro Cunqueiro e Jorge Luis Borges, máximos representantes das literaturas galega e arxentina do século XX.

## Conclusións

O sistema cultural galego, no que a lingua e a literatura xogan un rol fundamental, preséntasenos como unha construción colectiva en continua discusión. No presente artigo tentamos revisar as accións emprendidas por uns grupos activistas da cultura galega desde o Centro Galego de Buenos Aires para enxergarmos as liñas mestras da políti-

ca cultural que impulsaron. Desde o exilio pratese son conscientes da urxencia que representa para cultura de Galicia a ausencia de referencias independentes e libres, a inexistencia de espazos e recursos de desenvolvemento e cultivo da lingua do país, e deciden emprender a súa propia política cultural para Galicia desde Buenos Aires. Pero este ambicioso obxectivo descansa na confluencia de dúas ideas. Por un lado a idea de que a “Galicia ideal” é Buenos Aires, xa formulada por Castelao (Pérez 1998). E, pola outra banda, a noción de que Galicia, grazas á súa diáspora, non é tanto un territorio como unha idea, un concepto, un imaxinario. Dalgún xeito poderíamos pensar que se modifican os límites do imaxinario *xeoliterario e xeocultural* de Galicia. (Domínguez 2004, 526).

Castelao e os galeguistas exiliados no Buenos Aires dos anos 40 conciben deste xeito a universalidade de Galicia. O feito de que residan na capital da República Arxentina tanto gran parte da intelectualidade galeguista como unha gran masa de traballadores emigrados sostivo tanto cuantitativa como cualitativamente este proxecto, polo menos durante as dúas décadas comprendidas entre 1940 e 1960. A importancia, efectividade e relevancia do desenvolvemento cultural na Galicia exterior radica non só na súa riqueza, senón na vitalidade mesma que achega ao sistema cultural galego moderno, que consideramos que en gran parte é debedor do labor cultural desenvolvido na diáspora ■

## Bibliografía

- Domínguez, César (2004). “Imaginario e historia literaria. El caso de la Península Ibérica como geografía literaria orientalizada en el marco europeo”, en *La literatura en la literatura. Actas del XIV Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada*. Ed. Magdalena León Gómez. Alcalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos. pp. 525-532.
- Fernández, Marcelino (2000). “Unha visión da actividade dos nacionalistas galegos en 1950 desde Bos Aires”, en *Estudios Migratorios* 10.
- Galicia. Revista social del Centro Gallego de Buenos Aires*, números mensuais (1940-1960), Centro Galicia de Buenos Aires, Arxentina.
- González-Millán, Xoán (2004). “Exilio, literatura e nación”, en *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2003*, 16-27. Vigo: Galaxia.
- Pérez, Juan Manuel (1998). *Memorias de la Galicia ideal*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.